



ANEXO I.- PROTOCOLO FISICOVID CONCELLO DE MALPICA POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19 NOS SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS. NORMATIVA A APLICAR.

Para establecer o protocolo das medidas para facer fronte a crise sanitaria ocasionada polo COVID- 19 nas instalacións deportivas faremos referencia as seguintes normativas:

- RESOLUCION do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Tecnica da Conselleria de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevencion necesarias para facer fronte a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transicion cara unha nova normalidade.
- RESOLUCION de 17 de julio de 2020, de la Secretaria General Tecnica de la Conselleria de Sanidad, por la que se da publicidad del Acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia, de 17 de julio de 2020, por el que se introducen determinadas modificaciones en las medidas de prevencion previstas en el Acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia, de 12 de junio de 2020, sobre medidas de prevencion necesarias para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, una vez superada la fase III del Plan para la transición hacia una nueva normalidad.
- Orden SND/458/2020, de 30 de mayo, para la flexibilizacion de determinadas restricciones de ambito nacional establecidas tras la declaracion del estado de alarma en aplicacion de la fase 3 del Plan para la transicion hacia una nueva normalidad.
- RECOMENDACIONES E MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE EDUCACION NON FORMAL, OCIO EDUCATIVO E TEMPO LIBRE ADAPTADAS A SITUACION DE COVID-19. XUNTA DE GALICIA. Conselleria de Política Social. Direccion Xeral de Xuventude, Participacion e Voluntariado.
- RECOMENDACIONES DEL MINISTERIO DE SANIDAD PARA LA RECUPERACION DE LAS ACTIVIDADES DE TIEMPO LIBRE DIRIGIDAS A LA POBLACION INFANTIL Y JUVENIL. Gobierno de España. Ministerio de Sanidad.

O protocolo sinalado será de obrigado cumprimento por parte dos usuarios que queiran facer uso das instalacións deportivas do Concello de Malpica, e será plenamente vinculante, sen prexuízo das normas que se publiquen con posterioridade por parte das autoridades competentes. En todo caso, o cumprimento deste protocolo corresponderá aos usuarios cando practiquen actividade física baixo a súa exclusiva responsabilidade.

OBXECTIVOS

- Ofrecer pautas para a adaptación das actividades fisico deportivas federadas e non federadas nas instalacións e centros deportivas ao novo escenario provocado pola afectación do COVID- 19.
- Favorecer o coñecemento e correcta aplicación das medidas hixienico sanitarias tanto nas instalacións, como no persoal, equipo de monitorado e nenos e nenas participantes en cada actividade.
- Establecer un protocolo de actuación que permita dar unha resposta ante un posible caso infeccioso por COVID-19.



NORMAS DE USO XERAI

Nas instalacións deportivas, a actividade física e deportiva estará suxeita aos seguintes criterios xerais de uso:

1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma **individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de vinte e cinco persoas** de forma simultanea.
2. Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata vinte e cinco persoas, sen contacto físico, e sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida.
3. Antes de entrar no espazo asinado, deberase limpar as mans cos hidroxeles ou auga e xabón, que deberán estar dispoñibles nos espazos habilitados o efecto.
4. Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, si esto non fora posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
5. As bolsas, mochilas ou efectos pessoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
6. Os deportistas no poderán compartir alimentos, bebidas ou similares. Recoméndase marcar os envases utilizados para evitar confusións.
7. Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada. A obriga de uso de máscara será exixible salvo nos supostos previstos no artigo 6.2 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño.
8. A ocupación máxima para o uso dos aseos, vestiarios ou similares de visitantes ou usuarios será de unha persoa para espazos de ata catro metros cadrados, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia; neste caso, tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante. Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento do número de cabinas e urinarios que teña a estancia, debendo manterse durante o seu uso a distancia de seguridade interpersonal.
9. Deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos referidos espazos garantizando sempre o estado de salubridade e hixiene dos mesmos.

10. Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.

11. Disporase de papeleiras para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día.

12. No caso de que se empreguen uniformes ou roupa de traballo, procederase ao lavado e desinfección regular destes, seguindo o procedemento habitual.

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS



1.- XIMNASIO

- 1.1.- Os usuarios virán con previa cita, cun tempo de duracion na sala de 60 minutos.
- 1.2.- Non está permitido o uso dos vestiarios para os usuarios do ximnasio.
- 1.3.- Os usuarios deberán acceder cunha toalla para colocar nos equipamentos durante o seu uso.
- 1.4.- Despois do uso dunha máquina o usuario, limpará a suor con papel, posteriormente o bedel deberá de limpar e desinfectar, previa a utilización por parte doutro usuario.
- 1.5.- Os usuarios deberán utilizar máscara en todo momento.
- 1.6.- Os usuarios deberán deixar a súa roupa en bolsas de plástico e na zona así habilitada para elo. O marchar da instalación deberán recoller a súa bolsa nas papeleiras así habilitadas para elo.

2.- PAVILLÓN

- 2.1.- Nesta instalación poderá realizarse actividade deportiva **en grupos de ata veinticinco personas, sen contacto físico**, e sempre que non se superen os dous terzos do aforo máximo permitido.
- 2.2.- Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de proteccion fisica. (1,5 m). Deberase usar máscara en todo momento.
- 2.3.- Non está permitido o uso dos vestiarios, habilitando unha zona para o cambio de zapatillas para o seu uso deportivo.

3.- CAMPOS DE FÚTBOL

- 3.1.- Nestas instalacións poderá realizarse actividade deportiva en grupos de ata vintacinco personas, sen contacto físico, e sempre que non se superen os dous terzos do aforo máximo permitido.
- 3.2.- Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de protección fisica. (1,5 m). Deberase usar máscara en todo momento.
- 3.3.- Non está permitido o uso dos vestiarios, habilitando unha zona para o cambio de zapatillas para o seu uso deportivo

4.- PISTAS POLIDEPORTIVAS EXTERIORES e zonas deportivas de uso ao aire libre

- 4.1.- Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.
- 4.2.- Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de protección fisica.
- 4.3.- Deberán aplicarse as medidas de hixiene e prevención establecidas, especialmente no que se refire a proceder diariamente a limpeza e desinfeccion destes espazos nas áreas de contacto das zonas comúns, tales como xogos das



zonas infantís, aparatos de actividade física ou outro mobiliario urbano de uso compartido.

4.4.- Recoméndase dispor neses espazos, especialmente no que se refire a parques infantís, de dispensadores de xeles hidroalcoholicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS NAS ACTIVIDADES.

Dun xeito xeral, as actividades de ocio educativo e tempo libre son espazos de diversión, de formación, e tamén de fondo espírito convivencial. Neste sentido, as programacións de actividades por parte de entidades, asociacións, empresas ou administracións soen ser interactivas e participativas para conseguir a integración e inclusión de todos os nenos e nenas e mozos e mozas participantes, combinada cunha forte compoñente de educación en valores. A situación actual fai necesario replantexar as tradicionais programacións de anos anteriores e adecualas as normas actuais de distanciamento interpersoal, ou ben de emprego de máscara cando este distanciamento non sexa posible. É preciso realizar unha aposta decidida pola seguridade de participantes, monitorado e demais persoal técnico e

voluntario, tratando de que a perda de calidade sexa a menor posible. Para dar cumprimento a estas máximas, plantéxanse as seguintes pautas antes, durante e despois das actividades:

Procurarase establecer unha recepción e recollida escalonada de participantes a actividade, fixando unha franxa horaria ou ben mediante cita previa. Na medida do posible, se o participante e menor de idade deba vir acompañado unicamente por unha persoa responsable (pai/nai/titor legal). O mesmo criterio será de aplicación para a súa recollida.

Establecer rutas de circulación para non ter aglomeracións de persoas. Diferenciar portas de acceso e saída si fose posible.

Dividiranse aos participantes en grupos de máximo 15 persoas, máis os monitores correspondentes. Aínda que o grupo da actividade xeral sexa máis elevado, cada subgrupo

procurará traballar de xeito individual, sen contacto estreito co resto de subgrupos durante as diferentes accións, sen prexuízo das pertinentes rotacións que se realicen para que todos os subgrupos poidan disfrutar de todas as actividades programadas.

Os participantes deberán realizar o correspondente lavado de mans con auga e xabón ao

comezo e remate de cada actividade. Se isto non e posible, empregarase xel hidroalcolico. Os nenos/as deberán traer o seu xel hidroalcolico de maneira individual, que nunca deberá compartir.

Tanto participantes como persoal monitor deberán portar máscara. O uso de guantes non e recomendable de xeito xeneralizado, so para casos particulares, como a manipulación de alimentos que van ser consumidos en cru, por exemplo.

Procurarase que cada participante teña material de uso individual, non compartido. Se isto non fose posible, tras cada uso e antes de ser utilizado de novo por outra persoa, este material deberá desinfectarse ou hixienizarse de xeito adecuado.

No caso de realizar excursións polos arredores, limitar no posible os espazos moi concorridos.

Priorizaranse os desprazamentos a pe durante as actividades.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

PROCEDEMENTO PARA A IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN

Establecense unhas recomendacións para a identificación potencial de situacións de contaxio, que establecen as medidas particulares de prevención, que veñen marcadas no documento do “PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA FACER FRONTE A CRISE SANITARIA OCACIONADA POLA COVID-19 NO AMBITO DO DEPORTE FEDERADO DE GALICIA” XUNTA DE GALICIA.

Presidencia. Secretaria Xeral para o Deporte.

https://deporte.xunta.gal/sites/w_deport/files/documentacion/convocatorias/protocolo_fisicovid.pdf (pax- 11-16)

COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19

No caso de que un membro do staff, deportista, etc., teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade ([https://www.sergas.es/Saudepublica/Novo coronavirus- 2019-nCoV?idioma=es](https://www.sergas.es/Saudepublica/Novo_coronavirus-2019-nCoV?idioma=es)). Neste senso, considerase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

Ante a presenza doutros síntomas atípicos como a odinofaxia, anosmia, ageusia, dores musculares, entre outros, e importante buscar outros indicios adicionais que apoiem a sospeita da infección. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias.

En caso de detección dun positivo por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. Deberá procederse ao illamento nun local pechado, a colocación de máscara cirurxica e aviso ao 061. En todo caso procederase a limpeza e desinfección das instalacións deportivas por quen corresponda segundo o protocolo federativo ou o da instalación deportiva.

Finalmente, de estar en contacto estreito con outras persoas que poideran ter síntomas iguais ou semellantes aos do COVID-19 a una distancia menor de 1,5 metros ou de ter compartido espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada pola COVID-19, e importante realizar un seguimento por se aparecen signos da enfermidade durante 14 días.

En todo caso, seguirase en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.



ANEXO
ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE
INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO, PARA PARTICIPAR
NA ACTIVIDADE (NOME DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA)

.....
.....
ORGANIZADA POR (NOME DA ENTIDADE ORGANIZADORA)
.....

D/Da con
DNI/NIE
actuando en nome propio (persoa participante maior de idade)
como proxenitor/titor-a da persoa participante (menor de idade):
D/Da con
DNI/NIE

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE

- Declaro que a persoa participante non esta diagnosticada de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos a data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- Declaro que a persoa participante non convive con ninguén afectado polo Covid-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos a entrada nesta actividade.
- Comprométome a notificar inmediatamente a organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES (marcar no caso de ser ou conviver con PERSOA VULNERABLE:

persoa maior de 60 anos/ persoa diagnosticada de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancer, inmunodeficiencias/muller embarazada/ persoa con afeccións médicas anteriores).

- Sendo, a persoa participante, persoa vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE AO COVID-19

- Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19

- Declaro que recibín e lin a información de adecuación da actividade ao COVID-19 da entidade responsable da actividade e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

- Declaro que recibín e lin o Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou risco de contaxio da entidade responsable da actividade.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

CONSENTIMIENTO INFORMADO SOBRE COVID-19

□ Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a mina propia responsabilidade.

Aconsellase as persoas participantes e as persoas proxenitoras ou titoras de participantes menores a consulta dos tutoriais do Sergas disponibles neste enlace:

-EPI<https://femora.sergas.gal/Seguridade/Video>

- EPI<https://femora.sergas.gal/Seguridade/Video-5-EPI>

Tamén e aconsellable consultar o documento “Preguntas y respuestas sobre el nuevo coronavirus (COVID-19). 17 marzo 2020. Centro de Coordinación de Alertas y Emergencia Sanitarias. Ministerio de Sanidad de España”. Disponible en:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCovChina/d ocumentos/2_020_05_11_Preguntas_respuestas_2019-nCoV-2.pdf

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCovChina/d ocumentos/ Medidas_higienicas_COVID-19.pdf

En, a..... de....de.....